

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Ámbitos literarios II do primeiro idioma estranxeiro: Inglés				
Materia	Ámbitos literarios II do primeiro idioma estranxeiro: Inglés			
Código	V01G180V01601			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Urdiales Shaw, Martín			
Profesorado	Urdiales Shaw, Martín			
Correo-e	urdiales@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Introdución ás/ós principais autores/as norteamericanas/os dos séculos XIX e XX en prosa, poesía e teatro, a través da lectura de obras especialmente representativas.			

Competencias	
Código	
A1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B3	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.
B6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
B9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.
B10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
B11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva.
C156	Identificar as principais achegas teóricas nos distintos ámbitos xeográficos, sociais e culturais da literatura do primeiro idioma estranxeiro, desde unha perspectiva que teña en consideración os valores democráticos, de igualdade social, de xénero, de raza e orientación sexual, así como dunha cultura e paz.

C157	Sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira mediante o estudo dun certo número de autoras/es e textos provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.
C158	Describir e analizar os trazos, temas, estilos e símbolos que se utilicen nos textos literarios que sexan obxectivo de estudo, relacionando estas características co contexto en que se inscribe a produción e recepción dos mesmos.
C159	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos máis apropiados, e expresando oralmente e por escrito esa reflexión crítica.
C160	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos con outros axentes da aula, e mostrando actividades de tolerancia e valores democráticos.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
1. Realización de actividades que supoñan comprender e identificar as principais achegas teóricas nos distintos ámbitos xeográficos, sociais e culturais da literatura do primeiro idioma estranxeiro.	A1 A2 A3 A4 A5	B6 B9 B10 B11	C156 C157 C158 C159 C160	
2. Descrición e análise de textos literarios, atendendo a aspectos formais e temáticos, sintetizando ideas e relacionando uns textos con outros e co contexto en que se inscribe a produción e recepción dos mesmos.	A1 A2 A3 A4 A5	B3 B6 B9 B10 B11	C1 C2 C3 C6 C8 C9 C21 C156 C157 C158 C159 C160	D6 D7 D9 D11 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D22 D23
3. Preparación de presentacións orais, traballos escritos e outras probas que expoñan a reflexión crítica do alumnado, e a súa capacidade para construír argumentos sólidos, seguir convencións académicas, empregar evidencias e facer uso dos recursos máis apropiados.	A1 A2 A3 A4 A5	B3 B6 B9 B10 B11	C1 C2 C4 C12 C25 C26 C30 C156 C157 C158 C159 C160	D2 D4 D6
4. Participación en debates e outras actividades formativas en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos con outros axentes da aula, e mostrando actitudes de tolerancia e valores democráticos.	A1 A2 A3 A4 A5	B6 B9 B10 B11	C156 C157 C158 C159 C160	

Contidos

Tema	
Unit 1. Conception and Formation of a National Literature.	1.1. The beginnings of the American short story. W. Irving's "Rip Van Winkle" 1.2 Search for Form: Edgar Allan Poe's "The Fall of the House of Usher" and Herman Melville's "Benito Cereno" 1.3 The first mature novel in American tradition: Mark Twain, The Adventures of Huckleberry Finn.
Unit 2. From aesthetics to ethics: American Modernism and 1930s social literature.	2.1. Modernist subjectivity in prose: Ernest Hemingway and William Faulkner / Modernist objectivity in poetry: Imagism in Ezra Pound, HD, W.C. Williams 2.2. Depression Era Fiction: John Steinbeck's Of Mice and Men.

Unit 3. Post-war Literature: Existentialism, Ethnicity and Postmodernism.	3.1. The Broadway stage: A. Miller's Death of a Salesman & Tennessee Williams' A Streetcar Named Desire. 3.2. Jewish American fiction: Saul Bellow, Bernard Malamud, Philip Roth. 3.3 American postmodernism: Thomas Pynchon's The Crying of Lot 49 & John Barth's "Lost in the Funhouse"

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	7	0	7
Lección maxistral	7	0	7
Debate	22	0	22
Estudo de casos	10	70	80
Eventos científicos	2	0	2
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	14	16
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	14	16

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación da materia e contidos o primeiro día de clase.
Lección maxistral	Clases de tipo téorico para contextualización e introdución de cada tema.
Debate	Discusion aberta na aula sobre extractos de lecturas.
Estudo de casos	Estudio guiado de extractos de textos de xeito individual na aula.
Eventos científicos	Asistencia a conferencias afíns ao temario da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Titorización en despacho. Páxina de FAITIC con tódala información relevante a cada tema, incluíndo liñas fundamentais sobre os textos a tratar nas aulas, bibliografía a texto completo de apoio, referencias a bibliografía externa en biblioteca FFT, etc. Non hai titorización por correo-electrónico.
Estudo de casos	Titorización en despacho. Páxina de FAITIC con tódala información relevante a cada tema, incluíndo liñas fundamentais sobre os textos a tratar nas aulas, bibliografía a texto completo de apoio, referencias a bibliografía externa en biblioteca FFT, etc. Non hai titorización por correo-electrónico.
Debate	Discusión e diálogo participativo nas aulas.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Debate	Participación oral RELEVANTE na discusión grupal de extractos e textos literarios.	10	A2 A3 A4	B10	C158 C159
Exame de preguntas de desenvolvemento	proba 1: identificación e análise guiada dun extracto de lecturas obrigatorias (s XIX)	40	A1 A2 A3 A4 A5	B3 B6 B9 B10 B11	C156 C157 C158 C159 C160
Exame de preguntas de desenvolvemento	proba 2: identificación e análise guiada dun extracto das lecturas obrigatorias (s. XX)	50	A1 A2 A3 A4 A5	B3 B6 B9 B10 B11	C156 C157 C158 C159 C160

Outros comentarios sobre a Avaliación

PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

A avaliación recomendada desta materia será continua. A non asistencia e/ou a non entrega dos traballos e actividades avaliables nas datas correspondentes implica a perda da cualificación porcentual indicada enriba para cada unha das partes. **O alumnado non asistente dende un principio** poderá optar por unha avaliación única que constitúe o 100% da cualificación, na 1ª e na 2ª edición de actas. Este tipo de alumnado será avaliado exclusivamente en función de exame final,

que terá lugar na data establecida no horario oficial estipulado no calendario de exames da FFT.

As datas exactas das probas de avaliación continua será concretadas co colectivo de alumnos/as asistentes. En todo caso a primeira terá lugar entre a cuarta e a sexta semana de curso, e a segunda terá lugar na ultima semana lectiva do curso. Ámbalas dúas datas serán anunciadas coa debida antelación (8-10 días) na paxina de Faitic para esta materia.

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XULLO)

Calquera alumna/o de avaliación continua que, ó final de curso, non superara a avaliación continua (sexa por notas insuficientes ou por non cumprimento) terá dereito a un exame final na 2ª edición de actas (xullo) que constitúe o 100% da cualificación, exactamente nas mesmas condicións que o alumnado non asistente dende un principio. Ver Nota 1 e Nota 2.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ó alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

Estas condicións de avaliación se aplicarán de forma idéntica o alumnado ERASMUS, ISEP ou outro alumnado de intercambio que curse a materia. En atención ás competencias de materia e de titulación sobre valores democráticos e igualdade , non haberá ningún tipo de "discriminación positiva" cara ó alumnado de intercambio, calquera que sexan as súas circunstancias académicas na súas universidades de orixe.

NOTA 1: En ningún caso se contemplarán vías de avaliación intermedias entre os dous sistemas de avaliación (continua/única).

NOTA 2: Comezado o curso e obtida a primeira cualificación no sistema de avaliación continua, enténdese que este alumnado asume e acepta dito sistema irrevogablemente para a 1ª edición de actas. Caso de abandonar prematuramente o sistema de avaliación continua a/o alumna/o só poderá optar a ser cualificado na 2ª edición de actas (xullo) e será cualificado NP na 1ª edición.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Barth, John, **Lost in the Funhouse**, calquera, calquera,

Faulkner, William, **As I Lay Dying**, calquera, calquera,

Steinbeck, John, **Of Mice and Men**, calquera, calquera,

Twain, Mark, **The Adventures of Huckleberry Finn**, calquera, calquera,

Poe, Edgar Allan, **"The Fall of the House of Usher" en coleccion de relatos**, calquera, calquera,

Melville, Herman, **"Bartleby, the Scrivener" en coleccion de relatos**, calquera, calquera,

Pynchon, Thomas, **The Crying of Lot 49**, calquera, calquera,

Williams, Tennessee, **A Streetcar Named Desire**, calquera, calquera,

Bibliografía Complementaria

Barrish, P, **American literary realism, critical theory, and intellectual prestige, 1880-1995.**, Cambridge UP, 2001

Bercovitch, S, **The Cambridge history of American literature.**, Cambridge UP, 1996-2005

Campbell , N., **American cultural studies : an introduction to American culture**, Routledge, 1997

Coulombe, Joseph L, **Mark Twain and the american west.**, U of Missouri P, 2003

DuPlessis, R.B, **Genders, races, and religious cultures in modern American poetry, 1908-1934.**, Cambridge UP, 2001

Gioia, D., et al. (eds), **Twentieth-century American poetry.**, McGraw Hill, 2004

Giorcelli, C. T, **The Idea and the thing in modernist American poetry.**, ILA Palma,

Gray, Richard J, **A History of American literature.**, Blackwell, 2003

Hayes, K.J., **The Oxford handbook of early American literature.**, Oxford UP, 2008

Hogue, W. L., **Postmodern American literature and its other**, University of Illinois Press,, 2009

Kalaidjian, W. (ed), **The Cambridge companion to American Modernism.**, Cambridge UP, 2004

Kazin, A, **God & the American writer**, Vintage Books, 1998

Lamb, R.P. and G. R. Thompson., **A Companion to American fiction, 1865-1914**, Blackwell,

Lauter, P., **A companion to American literature and culture.**, Wiley Blackwell, 2010

Lee, A. Robert., **Multicultural American literature : comparative black, native, latino/a and asian american fictions.**, Edinburgh UP, 2003

MacGowan, Christopher, **Twentieth century American poetry.**, Blackwell, 2004

Messent, P., **New readings of the American novel : narrative theory and its application.**, Edinburgh UP, 1998

Peck, D. (ed), **American ethnic writers.**, Salem Press, 2000

Perkins, G. & Barbara Perkins., **The American tradition in literature.**, McGraw Hill, 2002

Pollard, Finn., **The literary quest for an American national character**, Routledge, 2009

Renza, LA, **Edgar Allan Poe, Wallace Stevens, and the poetics of American privacy.**, Louisiana State UP, 2002

Tanner, T., **he American mystery : American Literature from Emerson to DeLillo .**, Cambridge UP, 2000

Temperley, H and Christopher Bigsby (eds), **A New introduction to American Studies.**, Pearson Education, 2006

Wirth-Nesher, H & Michael P. Kramer., **The Cambridge Companion to Jewish American literature.**, Cambridge UP, 2003

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Ámbitos literarios I do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01502

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Historia: Historia dos países do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01101
Literatura: Pensar a literatura/V01G180V01202
Análise e interpretación literaria de textos do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01401
Introdución á literatura do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01301

Outros comentarios

O nivel de expresión en inglés terase moi en conta na corrección de traballos escritos.

NON se recomenda cursar esta materia sen ter previamente superadas (aprobadas) as materias "Primeiro idioma estranxeiro: Inglés", en tódolos niveis (I a VII), Nivel C2.